

Entidades asociativas,
oficinas locais
e outras entidades
colaboradoras
da Rede Eusumo

SUBVENCIONES 2017

SUBVENCIONES 2017



XUNTA DE GALICIA

2

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

3

PROGRAMA I - FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS E DE SOCIEDADES LABORAIS

5

PROGRAMA II: OFICINAS LOCAIS DE FOMENTO COOPERATIVO E DA ECONOMÍA SOCIAL

7

PROGRAMA III: APOIO ÁS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO MARCO DA REDE EUSUMO PARA O FOMENTO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL.

IMPORTANTE:

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

NORMATIVA REGULADORA

Orde do 26 de xaneiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social, e se convocan para o ano 2017 (DOG núm. 32, do 15 de febreiro de 2017).

FINALIDADE

Realización de actividades de impulso e fomento do cooperativismo e a economía social por parte das entidades colaboradoras da Rede Eusumo.

BENEFICIARIAS

Poderanse acoller ás subvencións:

- a) no programa I: as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.
- b) no programa II: os concellos de Galicia, a través dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios, dun consorcio local ou dunha agrupación dun mínimo de catro concellos que pertencen a unha mesma zona.
- c) no programa III: as fundacións e asociacións, as cámaras de comercio, as universidades, as organizacións profesionais, empresariais e sindicais e outras entidades sen ánimo de lucro, sinaladas nos apartados d), e), f) e g) do número 1 do artigo 5 do Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo, para o fomento do cooperativismo e a economía social e se regula o seu funcionamento.

NOVO! – As universidades poden acollerse a esta convocatoria no programa III

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Unicamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Un mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no DOG.

TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva.

O órgano competente é a Secretaría Xeral de Emprego.

PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 01.10.2016 ata o 30.09.2017.

O gasto subvencionable será o efectivamente pagado no dito período.

XUSTIFICACIÓN

As entidades beneficiarias deberán xustificar o investimento e solicitar o pagamento mediante solicitude (anexos III, VI ou VIII da orde, segundo o programa).

A data máxima de xustificación é o 15.10.2017.

FINANCIAMENTO

A dotación desta convocatoria ascende a 1.054.000,00 €, distribuídos como segue:

- Programa I: 624.130,00 €
- Programa II: 300.000,00 €
- Programa III: 130.000,00 €

PROGRAMA I – ASOCIACIÓNS DE COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

FINALIDADE

Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, subvencionando parcialmente:

- os gastos de funcionamento
- a realización de actividades de promoción do cooperativismo e da economía social, desenvolvidas no marco da Rede Eusumo.

BENEFICIARIAS

1. As asociacións de cooperativas e as asociacións de sociedades laborais debidamente inscritas e con actividade acreditada.

2. Para seren beneficiarias das axudas para a realización de actividades de promoción do cooperativismo e da economía social, as entidades deberán ter formalizado convenio de adhesión á Rede Eusumo antes da publicación da convocatoria.

3. As entidades deberán estar ao día no cumprimento das obrigas referidas ao depósito de documentos e inscrición de acordos nos rexistros competentes, segundo o establecido na normativa de aplicación.

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

1. Gastos de funcionamento:

- a) Alugueiros de locais e equipos.
- b) Gastos de persoal da asociación (salario base, complementos de antigüidade, pagas extraordinarias, cotizacións sociais e cantidades retidas en concepto de IRPF).

- c) Gastos de subministracións eléctricas, de telefonía, de gas e auga.
- d) Material de oficina e publicacións diversas.
- e) Mantemento da páxina web da asociación.
- f) Servizos profesionais independentes.
- g) Cotas asociativas a entidades de intercooperación de ámbito superior á Comunidade autónoma galega.
- h) Gastos de participación do persoal en congresos, seminarios, xornadas e outras actividades de natureza semellante.

2. Actividades de carácter informativo, formativo ou de asesoramento para fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social, a través da Rede Eusumo. A título orientativo:

- a) Organización de cursos, xornadas, conferencias, simposios, charlas divulgativas e visitas formativas.
- b) Actividades organizadas e programadas para o asesoramento a entidades de economía social, emprendedores/as e público en xeral.
- c) Estudos, informes, traballos de investigación ou manuais, inéditos.
- d) Elaboración de proxectos de intercooperación e integración.
- e) Procesos formativos de persoal responsable de titorías, especializado no asesoramento e acompañamento de proxectos.
- f) Calquera outra acción promocional que fomente o cooperativismo e a economía social.

- ▶ Estas actividades con carácter xeral deben realizarse nas instalacións que conforman a Rede Eusumo. Excepcionalmente poderá autorizarse a súa realización fóra das referidas instalacións, logo de acreditación das razóns que o xustifiquen.
- ▶ No caso de accións formativas e divulgativas débese acreditar a asistencia mínima de 10 alumnos/as, sempre que polo menos o 70 % do alumnado acredite unha asistencia mínima do 80 % da duración da actividade.
- ▶ Nas actividades divulgativas e formativas non serán subvencionables os gastos correspondentes a manutención, tales como servizos de comidas e pausa café.



CONTÍAS

1. Gastos de funcionamento:

- Límite global: **ata o 80%** dos gastos xustificadas (límite máximo condicionado ás solicitudes presentadas e puntuación acadada).
- Límites específicos: os gastos de desprazamento e manutención derivados de asistencia a congresos, seminarios, xornadas e outras actividades semellantes serán subvencionables ata un máximo do **50%**.

2. Actividades de promoción:

- Límite global: **170.000,00€** por beneficiaria.
- Límites específicos:
 - o Actividades divulgativas e formativas:
 - **3.000,00 €** por actividade. Máximo de **200 €/hora** na primeira edición e **150 €/hora** nas seguintes.
 - Gastos de material e papelería: **8 €** por alumno ou alumna con asistencia acreditada.
 - Custos indirectos e de organización: ata o **30%** do custo total da actividade realizada e xustificada.
 - o Asesoramento a emprendedores e público en xeral: máximo **20.000,00 €** e **20 €/hora**.
 - o Asistencia a feiras, mostras e congresos: **3.000,00 €**.

NOVO! Novos límites específicos para as actividades divulgativas e formativas

- 3. Incentivo adicional: 1.000,00 €** por cada entidade de economía social creada por iniciativa da entidade beneficiaria que alcanzase a fase de constitución durante o ano natural anterior, ata un máximo de **10.000,00 €**.

NOVO! Incentivo adicional pola intervención na creación de entidades de economía

PROGRAMA II – OFICINAS DE FOMENTO COOPERATIVO E DA ECONOMÍA SOCIAL

FINALIDADE

Incentivar a participación dos concellos e doutras entidades locais de Galicia no labor de promoción e fomento do cooperativismo e a economía social, subvencionando os gastos da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo e da economía social, así como a realización de actividades.

BENEFICIARIAS

- concellos de Galicia a través dos órganos dunha área metropolitana, dunha mancomunidade de municipios ou dun consorcio local
- agrupacións dun mínimo de catro concellos

Ningún concello poderá figurar en máis dunha solicitude

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

1. Creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo e da economía social: inclúe a contratación de persoal técnico asesor con dedicación a tempo completo e o alugamento de locais.

Unicamente será subvencionable unha oficina de fomento cooperativo e da economía social por cada solicitude presentada, así como un único local e unha única persoa técnica.

2. Actividades de promoción e fomento do cooperativismo e da economía social, sempre e cando exista oficina de fomento cooperativo e da economía social A título de exemplo estas actividades poderán consistir en:

- elaboración de plans estratéxicos de carácter plurianual
- desenvolvemento de cursos, xornadas, conferencias, seminarios e simposios
- celebración de feiras, mostras, congresos
- actividades de fomento de viveiros de empresas de economía social.

► No caso de accións formativas e divulgativas débese acreditar a asistencia mínima de 10 alumnos/as, sempre que polo menos o 70 % do alumnado acredite unha asistencia mínima do 80 % da duración da actividade.

► Nas actividades divulgativas e formativas non serán subvencionables os gastos correspondentes a manutención, tales como servizos de comidas e pausa café.



REQUISITOS DAS OFICINAS DE FOMENTO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL

- Deberase habilitar unha oficina debidamente sinalizada e publicitar o servizo prestado
- As persoas técnicas adscritas deberán posuír titulación académica universitaria e formación mínima de 60 horas en cooperativismo. Deberán ter dedicación completa a este programa.
- Os labores que asumirá a oficina serán:
 - o Formación e divulgación das fórmulas da economía social e coordinación das actividades de fomento e promoción (mínimo 5 actividades dentro do período de funcionamento subvencionado, entre elas unha dirixida a alumnado de ensinanzas secundarias e outra dirixida a emprendedores/as. Este mínimo incrementárase en 1 actividade por cada mes que exceda dos seis meses de funcionamento subvencionado na convocatoria).
 - o Accións formativas e informativas de promotores.
 - o Asesoría e acompañamento de proxectos
 - o Elaboración de plans empresariais.
 - o Seguimento e titorización dos proxectos en xestión.

CONTÍAS

1. Creación e mantemento das oficinas de fomento cooperativo e da economía social:

- Ata o **80 %** das retribucións dunha persoa técnica (máximo de 1.600,00 euros mensuais).
- Ata o **80%** dos custos derivados do alugamento de locais (máximo de 250,00 euros mensuais)

2. Actividades de promoción e fomento do cooperativismo e a economía social

- Límite global:
 - o ata o **30%** dos gastos das actividades mínimas da oficina de fomento cooperativa e da economía social
 - o ata o **80%** dos gastos das que excedan do mínimo
- Límites específicos
 - o Actividades divulgativas e formativas:
 - 3.000,00 € por actividade. Máximo de 200 €/hora na primeira edición e 150 €/hora nas seguintes.
 - Gastos de material e papelería: 8 € por alumno ou alumna con asistencia acreditada.
 - Custos indirectos e de organización: ata o 30% do custo total da actividade realizada e xustificada.
 - o Fomento de viveiros de empresas de economía social: alugueiro do local un ano (máximo 250 € mensuais).

NOVO! Novos límites xerais e específicos

3. Incentivo adicional: 1.000,00 € por cada entidade de economía social creada por iniciativa da entidade beneficiaria que alcanzase a fase de constitución durante o ano natural anterior, ata un máximo de **10.000,00 €**.

NOVO! Incentivo adicional pola intervención na creación de entidades de economía social

Contía máxima: 28.000,00 € por solicitude. Esta contía incrementárase en **3.200,00 €** por cada concello adicional a partir de catro, ata un máximo de **37.600,00 €** por solicitude.

PROGRAMA III: ENTIDADES COLABORADORAS DA REDE EUSUMO

FINALIDADE


Apoiar as actividades de fomento do cooperativismo e a economía social realizadas por entidades adheridas á Rede Eusumosubvencionando parcialmente os gastos derivados da súa realización.

BENEFICIARIAS

- as fundacións e asociacións
 - as cámaras de comercio
 - as organizacións profesionais, empresariais e sindicais
 - as universidades
- e outras entidades sen ánimo de lucro, sinaladas nos apartados d), e), f) e g) do artigo 5.º do Decreto 225/2012, do 15 de novembro

Deben ter formalizado convenio de adhesión á Rede Eusumo antes da publicación da convocatoria.

NOVO! – As universidades poden acollerse a esta convocatoria



ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Actividades de carácter informativo, formativo e de asesoramento, dirixidas a fomentar o emprendemento cooperativo e a economía social, a través da Rede Eusumo.

A título orientativo:

- organización de cursos, xornadas, conferencias, seminarios e simposios
- conformación de grupos promotores de iniciativas cooperativas.
- ◆ Estas actividades realizaranse con carácter xeral nas instalacións que conforman a Rede Eusumo. Excepcionalmente poderá autorizarse a súa realización fóra das referidas instalacións, logo de acreditación das razóns que o xustifiquen.
- ◆ Serán subvencionables os custos directos de calquera tipo vencellados a accións formativas e divulgativas nas que se acredite a asistencia mínima de 10 alumnos/as, xustificada na forma establecida nesta orde e sempre que polo menos o 70 % do alumnado acredite unha asistencia mínima do 80 % da duración da actividade.
- ◆ Para as actividades divulgativas e formativas, non serán subvencionables os gastos correspondentes a manutención, tales como servizos de comidas e pausa-café.
- ◆ No caso de xustificar gastos de persoal só se terán en conta o salario base, os complementos de antigüidade incluídas as pagas extraordinarias, así como as cotizacións sociais e as cantidades retidas en concepto de IRPF.

CONTÍAS

1. Actividades de promoción e fomento do cooperativismo e a economía social: ata o 80% dos gastos necesarios

- Límite global: **10.000,00 €** por beneficiaria.

- Límites específicos:

- Actividades divulgativas e formativas:
 - **3.000,00 €** por actividade. Máximo de **200 €/hora** na primeira edición e **150 €/hora** nas seguintes.
 - Gastos de material e papelería: **8 €** por alumno ou alumna con asistencia acreditada.
 - Custos indirectos e de organización: ata o **30%** do custo total da actividade realizada e xustificada.

- Conformación de grupos promotores de entidades de economía social: ata **300,00 €** por persoa incorporada como socio/a traballador/a ou de traballo, e ata **100,00 €** por cada persoa incorporada como socio cooperativista noutras categorías.

- 2. **Incentivo adicional**: **1.000,00 €** por cada entidade de economía social creada por iniciativa da entidade beneficiaria que alcanzase a fase de constitución durante o ano natural anterior, ata un máximo de **10.000,00 €**.





galicia

Máis información

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Secretaría Xeral de Emprego

Edif. Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 687

<http://emprego.ceei.xunta.gal>

<http://eusumo.gal>

economiasocial.emprego@xunta.gal



**XUNTA
DE GALICIA**